



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Mercado interior	Código	612847214	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	5
Idioma	CastelánInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito PrivadoDereito Público			
Coordinación	Calderon Carrero, Jose Manuel	Correo electrónico	jose.calderon@udc.es	
Profesorado	Arean Lalin, Manuel Cachafeiro Garcia, Fernando Calderon Carrero, Jose Manuel Garcia Perez, Rafael Oanta , Gabriela Alexandra Quintans Eiras, Maria Rocio Quintas Seara, Alberto Sobrido Prieto, Marta Vazquez Pena, Manuel Jose	Correo electrónico	manuel.arean@udc.es fernando.garcia@udc.es jose.calderon@udc.es rafael.garcia.perez@udc.es gabriela.oanta@udc.es rocio.quintans@udc.es alberto.quintas@udc.es marta.sobrido@udc.es manuel.jose.vazquez.pena@udc.es	
Web	www.masterue.com			
Descrición xeral	<p>O módulo ten carácter multidisciplinar e comprende materias relacionadas especialmente coa vertente xurídico-económica ou empresarial do mercado interior. Cuestións como as regras de competencia (leal/desleal), a regulación común da propiedade industrial e a armonización da normativa reguladora das sociedades, unida a outras como a fiscalidade aplicable ás operacións transfronteirizas son claves para entender en que consiste o mercado interior europeo, tendo en conta que boa parte das súas regras sustantivas veñen dadas pola regulación comunitaria das referidas materias.</p> <p>Neste sentido, o módulo dedicado ao mercado interior estrutúrase en tres partes, unha dedica aos aspectos mercantís (Competencia/Propiedade Industrial/Sociedades), outra referida ás Axudas de Estado, e unha terceira relacionada coa Fiscalidade Comunitaria. O programa desenvolvido, materiais e cadro de profesores referido a cada unha destas materias aparece recolleito máis abaixo, lugar ao que nos remitimos.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Manexo das diferentes fontes das distintas materias do módulo.	AI5 AI10 AI11		C13
Coñecemento dos contidos esenciais das materias impartidas.	AI2 AI12	BI3	C14 C15 C16



Resolución de casos relacionados coas materias do módulo.

AI1  
AI11

BI1  
BI5  
BI6  
BI7  
BI8  
BI9

CI1

Contidos	
Temas	Subtemas
I.- DEREITO DA COMPETENCIA	Lección 1. Introducción  Lección 2. Acordos restritivos da competencia horizontais  Lección 3. Abuso de posición dominante  Lección 4. Control de concentracións económicas  Lección 5. A competencia no sector do transporte marítimo  Lección 6. Competencia desleal e publicidade  Lección 7. Acordos restritivos verticais  Lección 8. As empresas públicas
II.- PROPIEDAD INDUSTRIAL	Lección 1. A marca comunitaria  Lección 2. A marca internacional  Lección 3. A patente europea e "comunitaria"  Lección 4. O deseño comunitario (debuxos e modelos)  Lección 5. A protección comunitaria das obtencións vexetais e das indicacións xeográficas dos produtos
III.- DEREITO DE SOCIEDADES	Lección 1. A Sociedade Anónima Europea  Lección 2. A Sociedade Cooperativa Europea  Lección 3. As directivas comunitarias en materia de Dereito de sociedades



## IV.- ASPECTOS FISCAIS DO MERCADO INTERIOR

O principal obxectivo que pretende alcanzarse a través da docencia da materia correspondente á Fiscalidade Comunitaria ou da UE, radica en pór de relevo a incidencia do Dereito Comunitario sobre o ordenamento financeiro e tributario dos Estados membros.

Actualmente, a incidencia do Dereito Comunitario Europeo sobre o ordenamento financeiro dos Estados membros resulta incontrovertible, a pesar de que apenas pode falarse dun "tributo comunitario" en sentido estrito. De feito, na hora actual una das principais cuestións que tal incidencia vén expondo reside en delimitar de forma precisa o ámbito obxectivo sobre o que se proxecta o Dereito comunitario á hora de modular cando non (re)configurar o ordenamento financeiro nacional. A este respecto, debe advertirse xa desde un principio que non existe un elenco pechado ou taxado de regras que delimite o ámbito competencial atribuído ao dereito comunitario, antes ao contrario, podería manterse que asistimos a unha progresiva "comunitarización" do ordenamento nacional. A outra consecuencia de alcance que resulta desta "forza expansiva" do Dereito comunitario reside no impacto que tal fenómeno posúe en relación cos principios constitucionais financeiros nacionais. A recente sentenza do TJCE no caso Azores, na que se ventila a cuestión da compatibilidade co Dereito Comunitario das medidas fiscais adoptadas por entes territoriais infraestatales dotados de autonomía financeira, constitúe un claro exemplo do alcance co que se proxecta o Dereito Comunitario sobre o ordenamento financeiro nacional dos Estados membros.

Debe salientarse igualmente que o Dereito Comunitario non opera unicamente limitando a creación de Dereito Financeiro por parte dos Estados membros senón que constitúe unha fonte creadora (e reconfiguradora) de Dereito Financeiro e Tributario en plena expansión. Aínda que é certo que tal incidencia alcanzou as súas cotas máis elevadas en relación cos denominados aspectos materiais do Dereito tributario, non pode descoñecerse a tendencia dirixida cara á "comunitarización" do estatuto do contribuínte, isto é, a incidir na posición da contribuínte fronte a administración e correlativamente, por tanto, no exercicio das potestades e mecanismos (vgr., cláusulas antiabuso) que esta pode empregar no cumprimento das súas funcións.

Dito noutros termos, a incidencia do Dereito Comunitario sobre o ordenamento financeiro vén sendo cada vez máis intensa, de xeito que tal proceso non resulta unicamente da "armonización fiscal" positiva articulada a través de Regulamentos e Directivas Comunitarias aprobadas polo



Consello no ámbito tradicional do IVE, os IEE, o IAJD, os gravames aduaneiros, o IS e o IRNR. Existen, á súa vez, outros instrumentos comunitarios xeradores dunha armonización de segundo grao que afectan (positiva e negativamente) a outros ámbitos do ordenamento financeiro (v.gr, a propia LGT). Certamente, a xurisprudencia do TJCE, o Soft-law e a acción da Comisión en materia de axudas de estado de tipo "fiscal" están a contribuir de forma sustantiva a configurar o ordenamento financeiro dos Estados membros, de xeito que tal contribución do Dereito comunitario ao ordenamento financeiro non se reduce á articulación de novos límites ao poder financeiro senón que tamén achega principios propios que nutren e intégranse no noso ordenamento dotándoo dun certo carácter bifronte ou dual.

A través deste módulo unicamente trátase de examinar o modo de integración do Dereito comunitario no ordenamento financeiro nacional, así como aos ámbitos materiais sobre os que se proxecta con máis intensidade este Dereito comunitario.

## I. INTRODUCCIÓN.

### LECCIÓN 1.

A incidencia do Dereito Comunitario no ordenamento financeiro dos Estados membros.

Análise das principais disposicións do Tratado que afectan o ordenamento financeiro e tributario dos Estados membros.

O Dereito Comunitario como fonte do ordenamento financeiro dos Estados membros.

Os instrumentos xurídicos típicos e atípicos.

O ámbito material sobre o que se proxecta o Dereito Comunitario

Os principios inspiradores do Dereito Comunitario Financeiro.

## II.- A ARMONIZACIÓN DA IMPOSICIÓN DIRECTA

### Lección 2

A Armonización da imposición directa a través de actos típicos e atípicos.

As Directivas Fiscais:

A Directiva 90/435/CEE

A Directiva 90/434/CEE

A Directiva 2003/48/CE

A Directiva 2003/49/CE

A Directiva 77/799/CEE

A Directiva 76/308/CEE

O Convenio 90/436/CEE, de Arbitraje fiscal

O Soft-law da Comisión e do ECOFIN

-Comunicacións en materia de fiscalidade de dividendos, pensións, traballadores, compensación de perdas, impostos de saída, axudas de estado, etc.

-Os Códigos de Conduta do ECOFIN en materia de competencia fiscal perniciosa e sobre prezos de transferencia.

### Lección 3:

A armonización xurisprudencial da imposición directa:

Os principios de non discriminación e non restrición

Exame a través da última xurisprudencia e as Comunicacións da Comisión



<p>V. AXUDAS DE ESTADO</p> <p>Tras estudar os aspectos do Dereito mercantil nos que o Dereito comunitario ha tido unha maior incidencia, esta segunda parte ten por obxectivo as Axudas de Estado.</p> <p>O estudo das Axudas de Estado centrarase na noción de Axuda de estado e no procedemento comunitario establecido para o seu control.</p>	<p>Lección 1. Noción de Axuda de Estado.</p> <p>Lección 2. Procedemento de autorización</p> <p>Lección 3. Procedemento de control</p> <p>Temario prácticas (no seu caso)</p> <p>As axudas de Estado e a administración autonómica galega.</p>
---	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A1 B6 B7 B8 C1 C3 C6	10	10	20
Sesión maxistral	A2 A5 A10 A11 B1 C5	20	20	40
Traballos tutelados	B5 B6 B7 B9 C1 C4	0	15	15
Análise de fontes documentais	A12 B3	20	20	40
Atención personalizada		10	0	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Traballos tutelados	Traballos sobre as diferentes materias do módulo, realizados baixo a tutela dos profesores que imparten docencia neste módulo.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	O ensino desta materia pivota sobre o método da clase maxistral. Tal método, convenientemente adaptado á materia impartida, combinarase con outros sistemas docentes como a realización de traballos individuais ou por grupos, ou a exposición e análise de materiais (lexislativos, jurisprudenciais ou administrativos) propios ou característicos da materia.
---------------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A12 B3	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.	10
Traballos tutelados	B5 B6 B7 B9 C1 C4	Metodoloxía onde o suxeito deberá profundizar no estudo dunha materia o cuestión específica dentro dos contidos da asignatura mediante a realización de un traballo de investigación baixo a tutela dun profesor que orientará ao alumno sobre as principais liñas a seguir, resolvendo todas aquelas dúbidas que durante a realización do mesmo puidesen plantexarse. Esta metodoloxía implica, por unha parte, un elevado grado de autonomía do alumno que deberá definir a estrutura do traballo e xestionar os materiais a empregar (lexislación, xurisprudencia e doutrina); e, por outra, potencia a mellora das súas habilidades de interpretación, argumentación e redacción de textos xurídicos.	90

#### Observacións avaliación

#### Fontes de información



## Bibliografía básica

BIBLIOGRAFIA DEREITO MERCANTIL AAVV (2004) La Sociedad Anónima Europea. Régimen jurídico societario, laboral y fiscal. Marcial Pons, Colegio Registradores de la Propiedad de España, Barcelona. ALFONSO SÁNCHEZ, R. (2006) «La Sociedad Cooperativa Europea. Un nuevo tipo social en un escenario complejo», Noticias de la Unión Europea, núm. 252, págs. 19 a 34. AREÁN LALÍN, M. (1996) «La marca comunitaria », Revista general de derecho, núm. 621, págs. 6903-6916. BERCOVITZ, A (Dir.) (2007) Derecho de la Competencia y Propiedad Industrial en la Unión Europea. BOQUERA MATARREDONDA, J. (2006), «Sociedad Anónima Europea con domicilio en España», Noticias de la Unión Europea, núm. 252, págs. 35 a 56. Casado Cerviño, A. (2000) El sistema comunitario de marcas: normas, jurisprudencia y práctica Casado Cerviño/Llobregat Hurtado (1996) Comentarios a los Reglamentos sobre la marca comunitaria Costas Comesaña, J. (2002) El Reglamento CE 1/2003: de la prohibición con autorización previa centralizada a la excepción legal directamente aplicable y descentralizada de artículos 81 y 82 del Tratado CE, Actas de derecho industrial y derecho de autor, Tomo 23, págs. 1179-1203 DABORMIDA, R. (1994), «El Estatuto de la Sociedad Cooperativa Europea: evolución, actualidad y perspectivas», CIRIEC, Rev. Economía pública, núm. 17, págs. 121 a 145. ESTEBAN VELASCO, G. (2001), «El compromiso de Niza: por fin la Sociedad Europea», Rev. Derecho Sociedades, núm. 16, págs. 141 a 162. Fernández de la Gándara, L. y Calvo Caravaca, A. (1995) Derecho mercantil internacional Estudios de Derecho comunitario y del comercio internacional Fernández Novoa, C. (1995) El sistema comunitario de marcas Fernández Novoa, C. (2001) Tratado sobre Derecho de marcas Fernández Novoa, C. (2006) Derecho de marcas. legislación, jurisprudencia comunitaria. Font Galán, J. M. (1986) La libre competencia en la Comunidad Europea García Cachafeiro, F. (2005) ¿El giro norteamericano del Derecho antitrust comunitario: el artículo 81 del Tratado CE y el artículo 1 de la Sherman Act?, Revista de Derecho Mercantil, núm. 256, 45 págs. García Pérez, R. (2006) «Las disposiciones generales y la cláusula general de la Ley de Competencia desleal a la luz de la Directiva sobre prácticas comerciales desleales», Gaceta jurídica de la Unión Europea y de la competencia, núm. 242, 2006, págs. 60-73. Gómez Segade, J. A. (2001) Tecnología y Derecho Illescas Ortiz, R. (2003) Derecho mercantil internacional. El Derecho uniforme Immenga, U. (2001) El Mercado y el Derecho. Estudios de Derecho de la competencia Kübler, F. (2001) Derecho de sociedades Otero Lastres, J. M. (2004) El diseño industrial según la ley de 7 de julio de 2003 Tato Plaza, A. (2003) «Modificaciones en el Reglamento sobre la marca comunitaria», Actas de derecho industrial y derecho de autor, Tomo 24, págs. 1327-1336 PASTOR SEMPERE, C. (2001) «La sociedad cooperativa europea», REVESCO, núm. 74, pág. 190. QUINTANS EIRAS, R. "Acuerdos de agencia y Derecho de la competencia: nuevo régimen de las restricciones verticales", en Cuadernos de Derecho y Comercio, nº 34, 2001, págs. 67 a 115 VAZQUEZ PENA, M. J. (2003) "La nueva regulación de la publicidad y el patrocinio de los productos del tabaco: especial referencia a la Directiva 2003/33/CE" (en colaboración con M. Areán Lalín), Revista General de Derecho Europeo, núm. 2, 8 págs. Organización Mundial de la Propiedad Industrial [www.oami.org](http://www.oami.org) Comisión Europea: Dirección General de la Competencia [http://ec.europa.eu/comm/competition/index\\_es.html](http://ec.europa.eu/comm/competition/index_es.html) Comisión Europea: Dirección General del Mercado Interior [http://ec.europa.eu/internal\\_market/company/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/internal_market/company/index_en.htm) Instituto de Derecho Industrial de la Universidad de Santiago de Compostela <http://www.usc.es/idius/BIBLIOGRAFIA> AXUDAS DE ESTADO - CARDENAS ORTIZ, R.: Las ayudas de Estado y el Derecho comunitario, Madrid, Instituto de Estudios Fiscales, 2003. - DIEZ MORENO, F.: ¿Las ayudas de Estado? (pp. 571-579), en Manual de Derecho de la Unión Europea, 4ª ed., 2006. - DONY, M. y SMITS, C. (ed.): Aides d'Etat, 2005. - HANCHER, L.; HANCHER, L.; OTTERVANGER, T.; SLOT P.J.: EC State aids. 2 ed.; London, Sweet & Maxwell, 1999. - MARCOS MARTIN, M. T.: Problemas procesales en el control de las ayudas de Estado en Derecho comunitario, 2006. - MARTIN Y PEREZ DE NANCLARES, J.: ¿Derecho Comunitario de la competencia (III): actuaciones anticompetitivas de los Poderes Públicos? (pp. 190-209), en LOPEZ ESCUDERO, M. y MARTIN Y PEREZ DE NANCLARES, J. (coord.), Derecho comunitario material, 2000. - QUIGLEY, C.; COLLINS, A.; EC State aid law and policy, Oxford, Hart, 2003. - RODRIGUEZ MIGUEZ, J.A.: La participación en el capital social como modalidad de ayuda pública a las empresas, Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública, 2002. - SANOUSSI BILAL; PHEDON NICOLAIDES (ed.): Understanding State aid policy in the European Community perspectives on rules and practice. The Hague, Kluwer Law International, 1999. - SOBRIDO PRIETO, M.: ¿Las ayudas estatales y el juez nacional? (pp. 416-430), en Las Comunidades Autónomas ante el Tribunal de Justicia y el Tribunal de Primera Instancias de las Comunidades Autónomas, 2003. Recursos web: Comisión Europea: Dirección General de la Competencia. Ayudas de Estado [http://ec.europa.eu/comm/competition/state\\_aid/overview/index\\_en.cfm](http://ec.europa.eu/comm/competition/state_aid/overview/index_en.cfm) Evaluación La evaluación del aprendizaje de la asignatura se realizará fundamentalmente a través de un examen oral o escrito, individualizado de



cada estudiante. También podrán tenerse en consideración las demás actividades realizadas durante el curso académico (trabajos, exposiciones, etc). BIBLIOGRAFIA DEREITO FINANCEIRO E TRIBUTARIO CAAMAÑO ANIDO, Reserva de ley tributaia y Ordenamiento comunitario, Trabajo original de Investigación, La Coruña, 2003, inédito;. CARRASCO FERNANDEZ, F., El principio democrático de autoimposición en la producción normativa de la UE, Tirant lo Blanc, Valencia, 2005 CAAMAÑO/CALDERON, Jurisprudencia tributaria del TJCE, vol.1, La Ley 1996. CAAMAÑO/CALDERON/MARTIN, Jurisprudencia Tributaria del TJCE 1996-1999, Tomo II, La Ley, Madrid, 2000. CALDERON CARRERO, Jm, ¿Una introducción al Derecho Comunitario como fuente del Derecho Financiero y Tributario?, Civitas REDF, 132, 2006. CALDERON/MARTIN, ¿Fiscalidad de la Unión Europea?, en Convenios Fiscales Internacionales y Fiscalidad de la UE, Ciss, Valencia, 2006. FALCON y TELLA, Introducción al Derecho Financiero y Tributario de las Comunidades Europeas, Civitas, Madrid, 1988. FARMER/LYAL, EC Tax Law, Oxford, Clarendon Press, 1994. GARCIA PRATS, ¿Incidencia del Derecho Comunitario Europeo en la Configuración jurídica del Derecho Financiero (I)?, RDFHP, nº259, 2001. GARCIA PRATS, Imposición directa, no discriminación y derecho comunitario, Tecnos, 1998. GORMLEY, EU Taxation Law, Richmond, London, 2006. MARTIN JIMENEZ, ¿Introducción: Imposición Directa y Derecho Comunitario?, en Convenios Fiscales internacionales y Fiscalidad de la UE, Ciss, Valencia, 2006, pp.585-586. MARTIN JIMENEZ/CALDERON CARRERO, ¿Devolución de ingresos tributarios indebidos por infracción del Derecho Comunitario?, Noticias de la UE, nº167/1998 MARTIN JIMENEZ/CALDERON CARRERO, Imposición Directa y No Discriminación Comunitaria, Edersa, Madrid, 2000. ORON MORATAL, ¿Consecuencias de la integración de España en las Comunidades europeas sobre el Derecho Financiero y Tributario?, REDF, nº97, 1998, pp.53 y ss. TERRA/WATTEL, European Tax Law, Kluwer, Deventer, 2005. WILLIAMS, EC Tax Law Longman, London, 1993, pp.3-4. Códigos: CALDERON/MARTIN, Tributación Comunitaria, Vol.1, Aranzadi, 2006



<b>Bibliografía complementaria</b>	Recursos on-line: Organización Mundial de la Propiedad Industrial <a href="http://www.oami.org">www.oami.org</a> Comisión Europea: Dirección General de la Competencia <a href="http://ec.europa.eu/comm/competition/index_es.html">http://ec.europa.eu/comm/competition/index_es.html</a> Comisión Europea: Dirección General del Mercado Interior <a href="http://ec.europa.eu/internal_market/company/index_en.html">http://ec.europa.eu/internal_market/company/index_en.html</a> Instituto de Derecho Industrial de la Universidad de Santiago de Compostela <a href="http://www.usc.es/idius/">http://www.usc.es/idius/</a>
------------------------------------	---

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías